

Lugo, 15 de xuño de 2016.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 2616/2015, de data 26-10-2015, A DEPUTADA DELEGADA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, M<sup>a</sup> del Pilar García Porto

R. 1846

## CONCELLOS

### GUITIRIZ

#### *Anuncio*

Sendo aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión ordinaria de data 14/04/2016 a modificación do artigo 3 da ordenanza fiscal nº1 reguladora do imposto de bens inmobles (IBI); e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública sen alegacións ao mesmo, considérase aprobada definitivamente e publicáse integralmente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 17 da Lei Reguladora das Facendas Locais, entrando en vigor dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non cabré recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 107.3, da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter definitivo é o seguinte:

#### **"TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA FISCAL N°1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI)"**

##### **1.- Artigo primeiro**

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

##### **2.- Artigo segundo**

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,40%.

2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,30%.

3. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens inmobles de características especiais, definidos estes no artigo 2.7 da Lei 48/2002, do 23 de decembro, Lei do catastro inmobiliario e situados no termo municipal de Guitiriz, queda fixado no 1,3%

##### **3.- Artigo terceiro**

1. En virtude do artigo 62.4 da lei reguladora das facendas locais, establecese unha exención por contía mínima que se aplicará do seguinte xeito:

- a) Quedarán exentos os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior ou igual a 6 €.
- b) Quedarán exentos os bens inmobles de natureza rústica no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no termo municipal, sexa inferior a 6 €.

2.(\*)Establécese conforme ao artigo 62.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais unha exención no pago deste imposto ao inmoble do centro de saúde de Parga no momento en que pase a ser titularidade do SERGAS e sempre que siga estando directamente afectado ao cumprimento dos fins dos centros sanitarios públicos.

A aplicación efectiva desta exención tributaria realizarase no momento en que o SERGAS adquira a titularidade do inmoble do centro de saúde de Parga, é dicir, despois de formalizar a cesión realizada en data 27/07/2010 en escritura pública e inscribirse o inmoble no rexistro da propiedade a nome do SERGAS, o que se comunicará polo concello aos efectos oportunos ao Catastro Inmobiliario e a Deputación Provincial de Lugo que ten delegada a xestión e recadación deste imposto municipal.

#### 4.- Artigo cuarto

1. En virtude do artigo 73.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 50% na cota integra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior a terminación destas, sempre e cando durante este período se realicen obras de urbanización ou construcción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder dos tres períodos impositivos.

2. En virtude do artigo 74.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, os suxeitos pasivos que teñan recoñecida a condición de familia numerosa, acreditada coa presentación do título oficial expedido polo organismo competente e terá unha vixencia igual ó citado título, gozarán das bonificacións seguintes:

CATEGORÍAS FAMILIA NUMEROsa	BONIFICACIÓNs
Categoría 1ª	50 %
Categoría 2ª	90 %
Categoría honra	90 %

#### Disposición final primeira.-

O presente texto refundido da Ordenanza fiscal nº1 reguladora do imposto de bens inmobles (IBI) recopila a ordenanza inicial aprobada no ano 1989 (por acordo plenario de data 28/09/1989, publicada no BOP de data 16/01/1990) e as sucesivas modificacións dos anos 2003 (por acuerdo plenario de data 27/03/2003, publicada no BOP de 14/05/2003), 2004 (por acuerdo plenario de data 25/11/2004, publicada no BOP de 28/01/2005), e esta última modificación do ano 2016"

Guitiriz, 14 de xuño de 2016.- A ALCALDESA, Regina Polín Rodríguez

R. 1837

#### LUGO

#### Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 8 de xuño de 2016, adoptou o acordo núm. 14/373 CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DUN SERVIZO DE COCIÑA, COMEDOR E LAVANDERIA PARA AS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPALIS "SERRA DE OUTES" (LOTE 1) E "GREGORIO SANZ" DO CONCELLO DE LUGO (LOTE 2). EXP. 10-2016

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

#### 1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

#### 2.- Obxecto do contrato.

a) Descripción do obxecto É a prestación dun servizo de cociña, comedor e lavandería nas escolas infantis municipais Serra de Outes ( lote 1) e Gregorio Sanz, ( lote 2) segundo as prescripcións técnicas elaboradas pola pedagoga municipal de Educación do Concello.

#### 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto

4.- Tipo de licitación: O prezo dos contratos para a primeira anualidade (prezo de licitación) ascende a:

- LOTE 1 Servizo de cociña, comedor e lavandería na Escola Serra de Outes: 44.211,76 € más o 10% IVE - 4.421,17- resultando un total de 48.632,93 euros (IVE incluído)

- LOTE 2 Servizo de cociña, comedor e lavandería na Escola Gregorio Sanz : 44.211,76 € más o 10% IVE - 4.421,17- resultando un total de 48.632,93 euros (IVE incluído)

O valor estimado total do contrato tendo en conta a duración dos contratos incluídas as prórrogas e a existencia de lotes ascende á cantidad de 353.694,04 euros.

5.- Garantías: definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

#### 6. Condiciones especiais de execución:

Obtención de documentación e información.